

MULLERES  
CON CIENCIA



AMPARO ALONSO

PREMIO  
MARÍA WONENBURGER  
2020

**Amparo Alonso Betanzos**, nada en Vigo no ano 1961, é enxeñeira química, investigadora en intelixencia artificial, catedrática e coordinadora do grupo de investigación LIDIA (Laboratorio de I+D en intelixencia artificial) no departamento de Ciencias de Computación da Facultade de Informática da Universidade da Coruña. En 1998 acadou o premio internacional L'Oréal-UNESCO para Mulleres na Ciencia en España, no primeiro ano en que se concedían. Exerceu como investigadora no Colexio Médico de Xeorxia (EUA) e no Departamento de Física Aplicada da Universidade de Santiago. Entre os seus traballos destacan os relacionados coas aplicacións informáticas na monitorización antenatal, na aplicación da intelixencia artificial en aeroxeradores ou na fabricación de automóbiles. Actualmente é docente na Universidade da Coruña e presidenta da Asociación Española para a Intelixencia Artificial (AEPIA). No ano 2020 foi galardoada co premio María Wonenburger, que reconece o labor das científicas galegas.

AMPARO ALONSO PREMIO MARÍA WONENBURGER 2020

Sabías que no grao de informática da Universidade da Coruña, onde Amparo Alonso é catedrática, as mulleres representan soamente o 13 % do estudiantado?

Cal cres que é a causa? Que lle dirías a alguén que pensa que hai carreiras de homes e outras para mulleres?

**Imaxina** que es publicista e tes que facer unha campaña para animar as mozas a estudar a carreira de informática. Que lles dirías?

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

**AMPARO ALONSO PREMIO MARÍA WONENBURGER 2020**



No conxunto do estudantado universitario hai un maior número de mulleres que de homes, pero contraditoriamente só representan o 16 % das reitoras ou o 21 % das catedráticas. Por que cres que se dá esta situación e cal pensas que debe ser o camiño para que chegue a igualdade?

Este feito que se vive na universidade prodúcese tamén noutros campos, e está relacionado cun fenómeno coñecido como teito de cristal, que pon de manifesto as dificultades que atopan as mulleres para acadar postos de dirección e coordinación.

**Investiga** os seguintes campos para te decatares da realidade desta situación inxusta:

- A) Política: presidentas de comunidades autónomas; presidentas de goberno; deputadas; alcaldesas.
- B) Empresa: membros do consello de administración de grandes empresas.
- C) Medios de comunicación: directoras de xornais, emisoras de radio e de televisión...

AMPARO ALONSO PREMIO MARÍA WONENBURGER 2020

Unha das primeiras investigacións realizadas por Amparo Alonso trata sobre os estudos de monitorización antenatal, dos que ela sempre fala con orgullo por comezar a súa vida laboral cunha investigación centrada nas mulleres.

**Imaxina** que es investigadora: elixe un proxecto no cal o obxecto da investigación fosen as mulleres. Por exemplo, agora mesmo hai quen está a traballar nos efectos da enfermidade da endometriose ou de como certos medicamentos afectan de xeito específico o corpo da muller.

Sabes que é a endometriose? **Documéntate** sobre ela.

O desenvolvemento profesional de Amparo Alonso fai que a consideremos unha precursora no campo da intelixencia artificial. As precursoras son moi importantes, xa que abren o camiño nunha profesión ou actividade para que outras mulleres continúen o seu traballo.

**Atopa** información sobre as seguintes precursoras da informática:

Ángela Ruiz Robles, Hedy Lamarr, Katherine Johnson

AMPARO ALONSO PREMIO MARÍA WONENBURGER 2020

Hai un proverbio italiano que di así:

*Il mondo è bello perchè è vario*

Que pensas que pode significar? **Relaciónao** co movemento pola igualdade.

Amparo Alonso afirma que os equipos de traballo con maior diversidade serán máis eficientes.

Estás conforme? En que medida pensas que os equipos con mulleres poden ser beneficiosos para calquera institución?

Imaxinas un xornal no que todos os xornalistas foran homes? Cres que tería o mesmo enfoque que se fose equilibrado o número entre homes e mulleres?

AMPARO ALONSO PREMIO MARÍA WONENBURGER 2020

Como xa dixemos, Amparo Alonso traballa no eido da intelixencia artificial. Un dos seus campos de investigación estuda como a intelixencia artificial pode facer diminuír os roles de xénero.

Podes facer un experimento observando os seguintes asistentes virtuais e analizando seu comportamento e linguaxe para analizar se perpetúan os distintos roles de xénero:

Alexa de Amazon, Siri de Apple, Cortana de Windows, Aura de Telefónica, Bixby de Samsung, Irene de Renfe e Sara de Correos.

Tamén podes buscar ti outros asistentes virtuais.

Obtiveches algún tipo de resposta sobre as diferentes linguaxes e comportamentos desde unha perspectiva de xénero? Como pensas que poderían mellorar?

Por que cres que a linguaxe é importante á hora de acadar a igualdade? **Anímate** a empregar unha linguaxe inclusiva para que ningunha persoa se sinta excluída.

AMPARO ALONSO PREMIO MARÍA WONENBURGER 2020